*Presidente do GDR 10 "Asociación de desenvolvemento rural Limia Arnoia"*

XUNTA DE GALICIA
**Saída 556644 / RX 690058**
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 20/04/2021 14:53:58

**RESOLUCIÓN** pola que se aproba a modificación da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a xunta directiva do GDR /a asemblea xeral do GDR procede á aprobación da modificación da estratexia de desnvolvemento rural, mediante o Acordo do 8 de abril de 2021. Xúntase a modificación da estratexia como anexo I desta resolución.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítese esta RESOLUCIÓN pola que se aproban a modificación da estratexia, que figura como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interporse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O Consello de Dirección da Agader

(Por delegación, A directora xeral de Agader

Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148,do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.

CVE: JQMK9ICiD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# ANEXO I

CVE: JQMK9ICiD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Gumersindo lamas Alvar, presidente da Grupo de Desenvolvemento Rural Limia e desenvolvemento Rural Limia Arnoia,**

**Informa,**

**Que co obxectivo de adaptar a nosa estratexia ás Bases Reguladoras publicadas o 18 de marzo de 2021 e incorporar modificacións no Baremo aprobouse en Xunta Directiva do día 25 de marzo de 2021, a modificación da EDL e Baremos.**

**Incorpóranse as seguintes modificacións:**

a) **MODIFICACIÓN da EDL:**

**Páxina 86. 20. Descrición da estratexia.** Xustificación das propostas incluídas, coa base da análise de contexto, DAFO e proceso participativo social.

I. Piares da estratexia de desenvolvemento local

Incorporar no cadro, columna **Sector Agrario.**

- Dar respaldo ás propostas ou proxectos dentro da Lei de Recuperación de Terras Abandonadas, e dos instrumentos que recolle (aldea modelo, polígono agroforestal,)
- Dar respaldo á spropostas do Plan estratéxico do sector agrario da Limia
- Dar respaldo ás propostas de calquera outro Plan de carácter comarcal ou local dependentes da administración galega.

Identificamos tres liñas de acción, AGRO, MEDIO AMBIENTE e OS SERVIZOS AOS MAIORES, isto significa que se terán en conta no deseño dos programas de cooperación, na priorización de proxectos, nos plans de formación a desenvolver por parte do GDR e na busca doutrosproxectos de cooperación fora do LEADER 2014-2020.

1. PIARES DA EDL, as MEDIDAS CONCRETAS nas que se resume as liñas estratéxicas son:

- Todos os proxectos enmarcables dentro da Lei de Recuperación e Terras Abandonadas e os seus instrumentos de xestión, Plan estratéxico do sector agrario da Limia ou calquera outra plan estratéxico promovido pola



CVE: JQMK9iCiD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Administración galega no territorio do GDR.

b) **ANEXO BAREMOS:**

i. **Limitacións sectorias.** Incorporáse o seguinte texto:

C) Criterios de actuación no sector do SECTOR SERVIZOS

Nas entidades singulares de menos de 1.500 habitantes son subvencionables os investimentos en creación, ampliación e/ou modernización de empresas do sector servizos, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

Nas entidades singulares de poboación de 1.500 habitantes ou máis, son subvencionables os investimentos en creación de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

d) Criterios de actuación no sector do COMERCIO POLO MIÚDO

Nas entidades singulares de menos de 1.500 habitantes son subvencionables os investimentos en creación, ampliación e/ou modernización de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

Nas entidades singulares de poboación de 1.500 habitantes ou máis, son subvencionables os investimentos en creación de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

g) Quedan excluídos de subvencionalidade todas as actuación que teñan como fin a construción ou mellora dun velorio ou tanatorio.

h) Quedan excluídos de subvencionalidade todas as actuación que teñan como fin a construción ou mellora dunha aula da natureza no territorio do GDR 10

i. **Anotación aos proxectos Servizos Sociais.**

** Alta nalgunhas das actividades recollidas na Lei de Servizos Sociais da Xunta de Galicia

ii. **Criterios Xeográficos (tres tipoloxías de proxectos)**



CVE: JQMK9iCiD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **BAREMO DE ACCIÓNS PRODUTIVAS** | | |
| | **CRITERIOS** | **Puntuación Criterios** | |
| **1** | **SITUACIÓN XEOGRÁFICA** | | **30** |
| 1.1 | Taxa de desempredo no concello (T) | | 9 |
| | (referencia: IGE 2015) | | |
| | 30 puntos >T | 9 | |
| | 20 <T<=30 Puntos | 7 | |
| | 10<T<=20 | 5 | |
| | T< = 10 puntos | 3 | |
| 1.2 | Características demográficas do concello (1.2.1+1.2.2) | | 10 |
| | Envellecemento da poboación, IE ( IGE ano 2011) | | 5 |
| | I.E. máis 500,01 | 5 | |
| | I.E. máis de 300,01 até 500 | 4 | |
| | I.E. < = 300 | 3 | |
| | Variación da poboación (V) entre os anos 2011 e 2015 (IGE) | | 5 |
| | V>8% | 5 | |
| | 4<V< =8 % | 4 | |
| | V< =4% | 3 | |
| 1.3 | Núcleo ou entidade de poboación onde se realiza o proxecto. Tamaño dos núcleos, nº de habitante do nomenclator de 2015 | | 8 |
| | <200 habitantes | 8 | |
| | Máis ou = 200 e menos 1000 habitantes | 5 | |
| | > = ou 1000 habitantes | 3 | |
| 1.4 | Outros criterios. Acumulables até un máximo de 5 puntos. | | 3 |
| | Concello inserido en Parquena natural ou Reserva da Biosfera | | 1 |
| | Proxectos en concellos declarados como Desfavorecidos ou de Montaña. | | 2 |

**iii. Incidencia ambiental (proxectos produtivos)**



CVE: JQMK9iCiD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| 2 | INCIDENCIA AMBIENTAL | | 5 |
|---|---|---|---|
| | Redución do consumo de carburantes e electricidade (mínimo 40%) en proxectos de ampliación e/ou modernización ou uso de Enerxias Renovables. Acreditado por un técnico competente na materia. Ficha II, III,IV, V | 4 | |
| | Certificicación Ecolóxica, PEFC ou calquera ou norma que certifique unha xestion sustentable da empresa | 3 | |

**iv. Incidencia no emprego (proxectos produtivos)**

| 4 | INCIDENCIA NO EMPREGO | | 30 |
|---|---|---|---|
| 4.1 | Ratio de investimento emprego xerado. €/UTA . UTA (Unidade de Traballo Anual) | Ponderables os intervalos<br>(a partir de 0,25 UTA) | 17 |
| | R< =30.000 €/UTA | 17 | |
| | 30.000 <R=<60.000 €/UTA | 12 | |
| | 60.000 <R=< 80.000 €/UTA | 9 | |
| | 80.000<R=< 100.000 €/UTA | 7 | |
| | R>100.000 €/UTA | 5 | |
| 4.2 | Mantemento de emprego durante 5 anos seguintes (Considérase mantemento de emprego en función das UTAs calculadas na vida laboral da empresa dos últimos 12 meses anteriores á solicitude do proxecto) | Ponderables os intervalos<br>(a partir de 0,5 UTA) | 8 |
| | Mantemento de 3 UTA | 8 | |
| | Mantemento de 2 UTA | 7 | |
| | Mantemento de 1 UTA | 5 | |
| | Mantemento de 0,5 UTA | 3 | |

**v. Puntuación específica para proxectos enmarcables na Lei de Recuperación de terras abandonados e plans estratéxicos.**

PROXECTOS PRODUTIVOS:

| 5 | IMPACTO SOBRE O TERRITORIO | | 25 |
|---|---|---|---|
| 5.1 | Actividades estratéxicas (sector agroforestal*, termal, mediambiental e servizos sociais**)<br>Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgúns dos instrumentos da lei. | | 20 |



CVE: JQMK9lCiD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Proxectos enmarcados en Plans estratéxicos sectorias de ámbito comarcal ou local. | | |

PROXECTOS NON PRODUTIVOS PÚBLICOS

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4.2 | Incidencia sobre colectivos determinados: mocidade, promoción da igualdade, integración de colectivos de especial dificultade. | | 20 |
| | Beneficiarios aos que vaidirixido específicamente o proxecto (acumulable) | | 10 |
| | Discapacitados | 10 | |
| | Mulleres | 10 | |
| | Infancia, xuventude ou terceira idade | 10 | |
| | Colectivos en risco de exclusión social | 10 | |
| | Proxectos enmarcados na Leiou Plan aprobados | | 10 |
| | **Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgunhas dos instrumentos da lei. Proxectos enmarcados en plans Estratéxicos Sectorias de ámbito comarcal ou local.** | **10** | |

NON PRODUTIVOS PRIVADOS

| | | | |
|---|---|---|---|
| **4** | **IMPACTO SOBRE O TERRITORIO** | | **35** |
| 4.1. | **Proxectos enmarcados na Lei ou plans aprobados** | | 10 |
| | **Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgunhas dos instrumentos da lei. Proxectos enmarcados en Plans estratéxicos Sectorias de ámbito comarcal ou local.** | 10 | |

Xinzo, 08 de abril de 2021

Asinado

Gumersindo Lamas Alvar

Presidente do GDR Limia Arnoia

Asinado por: SANTE RIVEIRA, INES
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 20/04/2021 13:02:30

CVE: JQMK9ICiD9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**OFICINAS:**
Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 98844 25 35 //604026618
coordinadora@limia-arnoia.gal
Prazadas Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
técnico@limia-arnoia.gal
Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779// 604 027 382
administración@limia-arnoia.gal